



Nome da actividade
Transformación dixital para empresas do sector agrobiotech
Data e horario
Xoves 5 de outubro de 2017 - De 10:00 a 14:00 e de 15:30 a 19:30
Lugar de celebración
3ª planta - Edificio CEI do Parque Tecnolóxico de Galicia (TECNÓPOLE)
Destinatarios
CEOs/Responsables empresas beneficiarias II Edición Programa Agrobiotech Innovación
Relatores
ENYIRIS DESIGN THINKING LAB <p>Andrés Mazaira Castro. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais por ICADE, doutor en Dirección e Administración de Empresas pola Universidade de Vigo e experto en Dirección de Empresas de Servizos por ESADE. É profesor do departamento de Organización de Empresas e Marketing da Universidade de Vigo e con 30 anos de experiencia no ámbito empresarial con responsabilidades executivas como partner-socio fundador de startups e participando en numerosos proxectos como asesor e consultor externo. Experto na análise de novas oportunidades a partir dos cambios derivados da chamada transformación dixital e na construción de novos modelos de negocios a partir destes así como na definición de estratexias de marketing orientados ao crecemento a partir dunha orientación ao mercado e da construción de propostas de valor consistentes.</p> <p>Miguel Castro Fernández. Director de proxectos na empresa Enyiris Design Thinking Lab con máis de 20 anos de experiencia en enxeñería de software, desenvolvementos dixitais, comunicación da innovación, internet e solucións innovadoras con impacto na transformación dixital das organizacións. Socio-fundador doutras compañías de base tecnolóxica onde os procesos dixitais e a xestión da información é clave.</p>



AgroBiotech
Innovación

ACTIVIDADES TRANSVERSAIS PROGRAMA AGROBIOTECH INNOVACIÓN

CONTIDOS:

Bloque 1. A Transformación dixital como oportunidade real para o sector Agrobiotech (2 horas).

- A transformación dixital (como afectou á sociedade, aos modelos de negocio, aos procesos de creación e achega de valor, á innovación e relación con clientes).
- Perigos e promesas do mundo dixital. Retos e oportunidades para as organizacións do sector Agrobiotech.
- Como realizar o Diagnóstico Dixital do Sector, da nosa situación e da competencia.
- Adaptándonos á realidade dixital: como redefinir a nosa cultura corporativa, perfís, habilidades e competencias dixitais. Propostas dende Agrobiotech.
- Da internet social á IoT: o Big Data e Business Intelligence como base para redefinir os procesos nas organizacións do sector Agrobiotech.

Bloque 2. A Estratexia e Negocio Dixital. Framework de traballo e implementación no sector Agrobiotech (6 horas).

- O funnel de negocio dixital: captación, conversión e fidelización.
- Data Time. Como utilizar os Datos e a Analítica para construír propostas de Valor no sector Agrobiotech.
- Ferramentas Síncronas e Asíncronas para ter éxito na nosa Acción Dixital en espazos propios e alleos.
- A xeración de Valor a través da Experiencia de Usuario (Usabilidade. Estética. Engagement e experiencias ...)